


**COMO SE FAN
ENTREVISTAS
PARA RECOLLER
HISTORIAS DE VIDA E
PATRIMONIO
CULTURAL
INMATERIAL?**



COMO LOCALIZAR UN TESOURO VIVO?



Medio familiar: trato máis directo e garante que sexa todo máis sinxelo.



A través de amizades, asociacións, etc...



Unha persoa descoñecida ou “enlace”: un parente e/ou alguén da veciñanza da persoa informante, por exemplo. Esta persoa pode asistir á entrevista como axudante, mais debe saber que non deberá intervir moito na entrevista.

COMO PREPARAR A ENTREVISTA?

É importante **documentarse e informarse de antemán**: consultar libros, preguntarlle á xente ou a internet... Investiga sobre a persoa entrevistada e/ou o tema a tratar.


Prepara as preguntas: primeiro as máis xerais, logo as máis persoais e específicas.

Tanto un tema concreto como unha conversa de temas xenéricos (“conversa ascensor”) son bos **xeitos de comezar** para crear clima cómodo e de confianza. Aínda que non sexa sobre o tema que interesa, pode ser unha maneira de ir rompendo o xeo.

Non te cingas ao cuestionario preelaborado nin te obsesiones con el. A conversa pode fluír de formas completamente diferentes e por temas distintos dos previstos. Ti debes saber cando deixar correr e cando reorientala aos asuntos que prevías tratar.



Se sodes dúas persoas as que facedes a entrevista, o importante é que **non vos pisedes**: unha persoa lidera a entrevista e a outra toma apuntes e complementa a quen lidera.



Debes saber **como funciona o equipamento de gravación** que vas empregar. Unha gravadora dixital é boa opción, como as que traen case todos os *smartphones* por defecto hoxe en día.



Tenta **poñerte a disposición da persoa informante** en cuestión de horarios e desprazamentos á hora de concertar a entrevista.

DURANTE A ENTREVISTA




Procura que o **espazo** onde facer a entrevista sexa cómodo, confortable, quente... e non haxa moita contaminación acústica nin posibilidade de interrupcións.


Coloca o **equipamento de gravación de maneira non intimidatoria. Pide permiso antes.**

Compórtate de maneira amigable e sinxela: ríte co informante, a túa postura (linguaxe non verbal) debe dar mostra do teu interese, senta preto do informante mais sen invadir o seu espazo, emprega unha linguaxe sinxela e próxima...

Céntrate na persoa coa que estás a falar, non xogues co equipamento, nin mires o teléfono, míralle aos ollos...




Pregúntalle o **nome, lugar e ano de nacemento, e a información xeral** que precisas da persoa informante antes de comezar coas preguntas temáticas.




Non fagas preguntas de máis: non interrompas nin fales por riba da persoa. Déixalle espazo e non lle teñas medo aos silencios.




Non manipules.



Lembra que o que interesa é o punto de vista da persoa informante, así que **evita falar de ti ou dar a túa opinión** continuamente. Así e todo, ás veces é positivo dar o teu parecer fóra da gravación para buscar a complicidade coa persoa informante.




Non formules as preguntas desde unha afirmación (é un xeito moi común de manipular a conversa): “Ao tres en raia xogábase así, non?”. É mellor preguntar: “e que é iso do tres en raia? Un xogo? E como se xoga?” (aínda que ti xa saibas, non deas as cousas por sentado).



Recomendamos **non máis dunha hora de entrevista** nun primeiro contacto. O primeiro encontro seguramente só dea para chegar ás liñas xerais do tema. Nun segundo encontro, cando xa hai confianza, seguramente a información que se dá conseguido é maior e máis significativa.

OUTROS CONSELLOS




Non se poden gravar entrevistas **sen o consentimento** da persoa informante.



Habería, pois, que **recoller por escrito o consentimento asinado** polo informante onde se mencione claramente o uso que se vai facer da entrevista e se se vai facer pública (autorización para o tratamento de datos e imaxes).



Despois de marchar, non esquezas facerlle chegar á persoa informante algún *feedback*: unha cortesía, unha foto, unha copia da entrevista... **Faino sentir partícipe.**



Recomendamos **levar algunha cortesía/agasallo.**

www.proxectotesourosvivos.gal

TESOUROS
VIVOS



O Proxecto Tesouros vivos é un dos proxectos
singulares subvencionados pola Área de



www.xandobela.info | info@xandobela.info



**Deputación
DA CORUÑA**

Cultura da Deputación da Coruña no ano 2018